

REDE DE SEGUIMIENTO DE DANOS NOS MONTES GALEGOS

A Rede de Seguimento de Danos nos montes galegos, consiste nunha rede de parcelas que aporta información sobre o estado de saúde e vitalidade dos nosos montes.

Nesta rede lévase a cabo, cunha periodicidade anual, os inventarios de saúde dos montes e dos principais factores que actúan negativamente sobre os mesmos, mediante a avaliación de parámetros rutineiros como a perda de follaxe do arborado, determinación de axentes causantes de danos nas árbores, etc.

En cada un dos puntos desta rede escóllense un número determinado de árbores que van ser obxecto de estudo, onde se avaliarán parámetros indicativos da perda de vitalidade da vexetación como a defoliación, así como as causas posibles desta degradación e o estado sanitarios xeral do arborado.

En cada punto de mostraxe selecciónanse 24 árbores. As árbores elixidas deben ter una altura mínima de 60 cm. e pertencer á clase social predominante, dominante ou codominante, non se elixirán árbores dominadas nin mergulladas, cuías copas se atopan debaixo do nivel xeral do conxunto e non reciben luz dende arriba.

Tamén se seleccionará a árbore tipo ou árbore de referencia local que se definirá como a mellor árbore coa follaxe máis completa que podía medrar nun sitio particular, tendo en conta factores como a altitude, latitude, idade da árbore, características do sitio e o estado social. Debe representar a morfoloxía da copa e a idade das árbores da zona e ter a mínima defoliación e decoloración posible.

A observación das árbores realizase anualmente no verán, época en que o arborado terminou o seu crecemento primaveral, e antes de que dea comezo o outono.

Durante esta observación cubrirase una ficha de campo que conterá datos como: datos xerais da estación, datos concretos de cada árbore en canto a especie, parámetros indicadores de vitalidade (defoliación), descrición de síntomas/signos, determinación do ou dos axentes causantes e cuantificación dos síntomas: extensión.

A Rede de Seguimento de Danos dos montes galegos está formada por 160 parcelas nas que a elección das especies para facer a mostraxe, foron:

- PIÑEIROS: *Pinus pinaster*, *Pinus radiata* e *Pinus sylvestris*.
- FRONDOSAS AUTÓCTONAS: *Betula sp.*, *Quercus pyrenaica*, *Quercus sp.*, (todos menos *Q.pyrenaica*), *Alnus sp.*, *Castanea sativa*
- FRONDOSAS PERENNES: *Eucllyptus sp.*


A distribución das parcelas por especie nas catro provincias é a seguinte:

ESPECIE	PROVINCIA			
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
P. sylvestris	0	6	3	0
P. pinaster	13	6	8	12
P. radiata	7	25	0	2
Q. robur	1	7	3	4
Q. pyrenaica	0	1	2	0
A. glutinosa	1	1	1	1
E. globulus	4	3	0	2
E. nitens	1	1	0	0
C. sativa	5	10	22	3
Betula Sp.	1	3	0	1

Dende a **Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal** actualmente estanse a realizar as observacións anuais das árbores que forman parte das 160 parcelas da rede de seguimento co fin de avaliar a saúde nos montes galegos no ano 2023.



PARCELAS REDE DE SEGUIMIENTO DE DANOS



Especies

● 21 <i>P.sylvestris</i> (9)	● 54 <i>A.glutinosa</i> (4)
● 26 <i>P.pinaster</i> (39)	● 61 <i>E.globulus</i> (9)
● 28 <i>P.radiata</i> (34)	● 64 <i>E.nitens</i> (2)
● 41 <i>Q.robur</i> (15)	● 72 <i>C.sativa</i> (39)
● 43 <i>Q.pyrenaica</i> (3)	● 73 <i>Betula sp.</i> (5)